



Praza número: 26/1023

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Literatura Española

Departamento: Letras

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 13:00 horas do día 22 de xullo de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Eirín García, María Leticia	Eirín García, María Leticia
Secretaría:	Acín Villa, María Esperanza
Vogal 1º:	Pérez Pascual, José Ignacio
Repr. persoas traballadoras:	Sánchez Rei, Xosé Manuel

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023. A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afín/s multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade/s de coñecemento afín/s a/s seguinte/s: Lingua Española e Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: calidade e prestixio editorial. Terase en conta o número de asinantes de cada aportación: 1 autor (coeficiente de ponderación de 1); 2 autores (coeficiente de ponderación de 0,75); 3 autores (coeficiente de

Praza número: 26/1023

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Literatura Española

Departamento: Letras

ponderación de 0,5); catro e máis autores (coeficiente de ponderación de 0,25). Os libros sen ISBN e/ou autoeditados non serán valorados baixo ningunha circunstancia.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: os proxectos de innovación docente valoraranse con ata 3 puntos no caso do director/a ou responsable e con ata 1 puntos no caso dos/as participantes. A pertenza a grupos de innovación docente valorarase con 0,25 puntos por ano de pertenza no caso do director/a ou responsable e de 0,1 puntos por ano no caso dos/as participantes.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: estadías docentes, de duración igual ou superior a un mes, en institucións de educación superior nacionais (máximo de 0,5 puntos por mes de estadía) e internacionais (máximo de 1 punto por mes de estadía).

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: estadías de mobilidade docente STA ou similar en institucións de educación superior nacionais (máximo 0,5 puntos por estadía) e internacionais (máximo 1 punto por estadía).

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: prestixio, calidade, número de persoas participantes e o seu carácter nacional ou internacional.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1 que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación, e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: terase en conta o número de asinantes de cada aportación: 1 autor (coeficiente de ponderación de 1); 2 autores (coeficiente de ponderación de 0,75); 3 autores (coeficiente de ponderación de 0,5); catro e máis autores (coeficiente de ponderación de 0,25). Para os artigos publicados en revistas científicas non incluídas en Scopus ou na Web of Science terase en conta a revisión por pares e a inclusión en bases de datos de referencia para Humanidades: Dialnet e selo de calidade FECYT.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio da editorial. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: os libros e capítulos de libro publicados en editoriais situadas no primeiro e segundo cuartil na clasificación SPI: 5 puntos por libro completo e 1 punto por capítulo. Os libros e capítulos de libro publicados en editoriais situadas na clasificación SPI a partir do terceiro cuartil: 2,5 puntos por libro completo e 0,5 puntos por capítulo.

O resto dos traballos publicados en editoriais non incluídas en SPI valoraranse con 1,25 puntos por libro e 0,25 o capítulo.

Terase en conta o número de asinantes de cada aportación: 1 autor (coeficiente de ponderación de 1); 2 autores (coeficiente de ponderación de 0,75); 3 autores (coeficiente de ponderación de 0,5); catro e máis autores (coeficiente de ponderación de 0,25).

Praza número: 26/1023

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Área de coñecemento: Literatura Española

Departamento: Letras

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congresos de calidade contrastada ou incluídos en listaxes de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: ---

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: valorarase o carácter nacional ou internacional do congreso. Comunicación nun congreso internacional 0,5 puntos, comunicación nun congreso nacional 0,25 puntos.

Terase en conta o número de autores de cada aportación: 1 autor (coeficiente de ponderación de 1); 2 autores (coeficiente de ponderación de 0,5); 3 autores (coeficiente de ponderación de 0,3); catro e máis autores (coeficiente de ponderación de 0,1).

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: valorarase a participación na organización de congresos, xornadas e encontros académicos, programas de divulgación científica no ámbito universitario, publicacións de carácter divulgativo ou en medios non especializados, impartición de cursos ou seminarios de transferencia e divulgación científica, impartición de conferencias de divulgación científica, comisariado de exposicións, informes relevantes... Terase en conta o número de autores/as, o rol desempeñado e o seu alcance, prestixio ou ligazón a organismos institucionais ou a asociacións nacionais ou internacionais.

A Coruña, 22 de xullo de 2026.

A presidencia

María Leticia Eirín García

A secretaría

María Esperanza Acín Villa